

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000010.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisións da Casa do Concello (praza Maior, 1)) o vindeiro **mércores**, día **19 de marzo**, ás **DEZ DA MAÑÁ**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

1. CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO PARA A EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA RESTAURANTE NO EDIFICIO MIRADOR DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO. AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DO CONTRATO, REF. 2023/C012/000002. AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO CONTRATO.
2. CONTRATACIÓN DUN SEGURO DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF: 2024-C003-000039. ADXUDICACIÓN
3. CONTRATACIÓN DO ALUGUEIRO E MANTEMENTO DE DEZ CABINAS SANITARIAS PARA INSTALAR EN ZONAS VERDES PÚBLICAS, EXP. REF. 2025-C004-000001. ADXUDICACIÓN.
4. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO CONCELLEIRO DELEGADO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS PARA A APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO URBANO ENTRE AS RÚAS DE CIDADE DE VIVEIRO E FREI PLÁCIDO REI LEMOS, LUGO, EXP. REF. 2023/C002/000013.

FOMENTO

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8694718942702067907.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-3-2025

5. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LUGO PARA INCREMENTAR O PARQUE DE VIVENDA PROTEXIDA NO CONCELLO.

6. APROBAR O TEXTO E PROCEDER Á SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE PARA O MANTEMENTO DO CENTRO DE ACOLLIDA PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DEPENDENTE DO CONCELLO.

PERSOAL

7. NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE CELADOR CEIP (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO AP; ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: SERVIZOS ESPECIAIS).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

BENESTAR SOCIAL

8. CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO (ANO 2025).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretaría, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

<i>Asinado dixitalmente polo alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.</i>
